

I Concurso Camisetas Festa da Bica

O Concello de A Pobra de Trives convoca o I Concurso Camisetas “Festa da Bica”. Un concurso aberto a todos os públicos que queiran probar a súa orixinalidade, técnica, talento ou calidade artística facendo o grupo máis numeroso ca mesma camiseta.

Dende o Concello de A Pobra de Trives lánzase este concurso co fin de dar a coñecer máis e dun xeito orixinal a Bica, facéndoa protagonista absoluta da festa ao longo de todo o mes.

Bases para participar no Concurso de Camisetas da Festa da Bica:

1. Participan todas aquelas persoas que no xantar da festa da bica vaian en grupo co mesmo deseño de camiseta, na que debe estar un debuxo ou frase relacionada coa Bica.
 - Tema: Camisetas deseñadas con fotos, frases ou debuxos relacionados coa Bica, a temática é a propia da Festa da Bica. Soamente as camisetas que cumplan coa temática do concurso poderán participar no concurso. Poderanse rexeitar calqueira deseño que non se axeite ao que está indicado nestas bases.
 - Poderá concursarse en grupo de cinco ou máis persoas
2. Como participar:
 - I. Vestir o día da Festa da Bica, no xantar, todos xuntos a mesma camiseta
 - II. Anotarse ao chegar ao xantar dando nome do grupo e do deseño, e os datos do representante de dito grupo.
3. A camiseta gañadora será a elexida tendo en conta a orixinalidade e creatividade do eslogan e deseño.

4. Os propios grupos anotados no concurso serán o xurado, avaliando o
diseño dos outros concursantes. Non poderán votarse a sí mesmos.
5. O premio:
 - 100 € a gastar en establecementos ou Comercios de A Pobra de
Trives + 1 BICA

A organización resérvase o dereito da interpretación das bases tendo como
obxectivo favorecer o desenvolvemento do concurso.